

A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA PRESENTA O NOVO MODELO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DIABETE MELLITUS TIPO 2

- Esta actualización do Proceso Asistencial Integrado servirá de guía aos profesionais e proporcionaralles ferramentas ás persoas con diabetes mellitus tipo 2, co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida

Santiago de Compostela, 4 de xuño 2024.- Os profesionais da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza coñeceron esta mañá de primeira man o novo modelo de atención ás persoas con Diabetes Mellitus tipo 2. A presentación da actualización deste Proceso Asistencial Integrado (PAI) correu a cargo de Miguel Ángel Martínez Olmos, xefe do Servizo de Endocrinoloxía e Nutrición, Sergio Cinza, Médico de Familia, Soraya Meijome, enfermeira de Atención Familiar e Comunitaria e Eva Gómez Vázquez, dietista, todos profesionais da sanidade pública de compostelá. Pola súa banda, o xerente compostelá, Angel Facio e a subdirectora de Atención Primaria do SERGAS, Sinda Blanco, deron a benvida a esta presentación.

O documento é froito do traballo dun grupo de profesionais do sistema sanitario galego, coordinados dende a Subdirección Xeral de Atención Primaria do Sergas, entre os que se incluíron profesionais da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Este proceso asistencial integrado actualiza a versión previa de 2015 á vista da evolución epidemiolóxica da diabetes e as súas complicacións, as novas evidencias científicas e as novidades tecnolóxicas, e recolle tódalas fases de atención á diabetes mellitus tipo 2: detección precoz, tratamento, aspectos sociais, prevención, etc.

A alimentación é un elemento esencial tanto na prevención como no control desta enfermidade, debe proporcionarse a estas persoas un asesoramento nutricional individualizado continuo, tendo en conta a súa historia clínica e dietética, así como os seus coñecementos e o acceso a alimentos saudables, ademais da súa motivación para o cambio.

Unha vez determinadas as necesidades asistenciais da persoa, os seus coñecementos e habilidades na práctica de estilos de vida saudable e recursos, elabórase un plan de atención individualizado, no que se inclúen obxectivos consensuados entre o profesional e a persoa con esta patoloxía, incluíndo tamén o exercicio físico adaptado ás diferentes situacións.

Todo isto no marco dunha axeitada educación diabetolóxica, centrada na persoa, que debe corresponsabilizarse a través do autocoidado e a realización de exercicio físico como obxectivos propios.

Este proceso integrado ten carácter multidisciplinar, cunha visión integradora do sistema sanitario galego, contando con perfís profesionais de referencia e definindo as actividades a realizar por cada profesional, ademais de reforzar a importancia da promoción da saúde dende tódolos ámbitos da asistencia sanitaria.

Na Área Sanitaria de Santiago e Barbanza lévase a cabo un cribado a partir das analíticas que axuda nun só acto a identificar persoas en risco de Diabete Mellitus así como pacientes con un control metabólico insuficiente.

O PAI de Diabete Mellitus tipo 2 pretende consolidar un modelo de verdadeira atención integral, de coordinación e de continuidade asistencial entre os distintos ámbitos asistenciais.

Saúdos,